

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e seis minutos do día trece de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xaneiro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de xaneiro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se deu conta de ningún/ningunha.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 2 de xaneiro de 2026 ao 8 de xaneiro de 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 1/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 6/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1/2026	02-01-2026	Que a traballadora SMH axente de desenvolvemento local, asuma as funcións de responsable da Axencia de Desenvolvemento Local durante os días de ausencia da titular da praza, AMPT do día 2 ao día 13 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos) e do día 19 ao día 26 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos).
2/2026	02-01-2026	Comparecer no procedemento abreviado 288/2025 perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, demanda interpuesta por el letrado Sr. López López, en nome y representación de Os Ventos Innovacion en Servizos SL, contra o Concello de Cambre sobre ADMON. LOCAL, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
3/2026	02-01-2026	Comparecer no procedemento abreviado 308/2025 perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, demanda interpuesta por el letrado Sr. López López, en nome y representación de Os Ventos Innovacion en Servizos SL, contra o Concello de Cambre sobre ADMON. LOCAL, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
4/2026	02-01-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xaneiro de 2026
5/2026	05-01-2026	Aprobar a realización do evento Cabalgata dos Reis Magos 2026
6/2026	05-01-2026	Comparecer no procedemento ordinario número 303/2025, demanda interposta pola abogada Sara López Paz, en nome e representación da Comunidade de Propietarios de Garajes rúa Constitución 9/11/13 de Cambre, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a Secundino Javier García Uzal

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo